



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

## **INFORME**

# **MOBILIDADE A FINLANDIA DO PROFESORADO DO KA101 “PROFESORES COMPETENTES DESDE LA PERSPECTIVA STEM”**

Javier Seoane Bascoy

Departamento de Educación Dixital

18 - 22 de novembro de 2019



## Project and Competence-Based Learning 18 - 23 de novembro de 2019

### 1. CONTEXTO

O consorcio KA101 “Profesores competentes desde la perspectiva STEM” está conformado polos centros IES A Cachada, IES de Meaño, IES Pino Manso, IES Carlos Casares, IES Arcebispo Xelmírez II e IES da Pobra.

Esta foi a última das tres mobilidades previstas inicialmente neste proxecto (aínda que neste punto estúdase a posibilidade de facer unha cuarta a Cork por motivo da coincidencia no tempo do curso e da visita ao centro escolar na anterior mobilidade a Bruxelas, circunstancia que non permite a Axencia Nacional xa que se incorrería en dobre financiación) e desenvolveuse entre os días 17 e 23 de novembro do 2019. Acudiron un profesor de cada centro participante e o asesor do CAFI Javier Seoane Bascoy (Departamento de Educación Dixital) a modo de acompañamento.

O obxecto da mobilidade era a realización do curso “Project and Competence-Based Learning” organizado pola compañía Enjoy Italy. Dentro deste curso atopábase incluída a visita ao centro educativo **Drumsö Lagstadieskola** para a observación da súa organización.

### 2. LOXÍSTICA DA MOBILIDADE

O grupo de profesores (á excepción de Pilar e Adriana, docente esta última que substitúe a Araceli por motivo do seu cambio de centro) desprazouse co seguinte plan de viaxe:

IDA:

- Voo Santiago - Madrid.
- Autobús (do propio hotel) ao **Hotel Nuevo Boston**.
- Autobús (do propio hotel) ao aeroporto de Madrid.
- Voo Madrid - Helsinki (todos os participantes).



- Tren ao **Hotel Holiday Inn Helsinki City Centre**.

REGRESO:

- Tren ao aeroporto de Helsinki.
- Voo Helsinki - Estocolmo (todos os participantes).
- Voo Estocolmo - Madrid (todos os participantes).
- Voo Madrid - Santiago.

Os desprazamentos entre o hotel e a sede do curso fixéronse a pé debido á proximidade deles. O desprazamento ao centro educativo **Drumsö Lagstadieskola** foi en tren e non estaba incluído dentro do curso.

### **3. Resumo de actividades feitas no curso**

**Día 1. Luns 18 de novembro.**

#### **1. ICT Workshop.**

Comézase o curso facendo unha breve presentación dos respectivos centros por parte dalgúns dos participantes da actividade. Xunto ca presentación dos seis centros galegos e do CAFI faise a presentación de catro centros/organismos foráneos:

- *Escola cinta curto*. Escola de primaria pública catalana. Nela fan fincapé no uso da aplicación Powtoon como ferramenta educativa nas súas aulas.
- *DR. C. Angelescu Agricultural High school* (centro na cidade de Buzau, Rumanía). Fundado no ano 1902 como escola técnica para rapaces únicamente. Hoxe en día é un centro mixto con máis de 1000 alumnos e alumnas. Conta con 47 docentes cunha grande carga horaria e ten unha media de 25 alumnos por clase, aínda que pode chegar ata os 30 (ou incluso máis), dependendo das necesidades. As clases son de 50 minutos e teñen 10 minutos de descanso entre cada unha delas, 6 clases en total tódolos días. Ten comedor e diferentes clubs, como por exemplo de pintura, teatro e canto. Imparte catro ciclos formativos, asociados aos cales ofertan prácticas en empresas para o seu alumnado como traballadores (xornadas de 9 horas).




- *Learning through the arts* (Reino Unido). Proxecto dunha organización privada non educativa que, mediante colaboracións puntuais cos diferentes centros interesados (aínda que tamén organizan actividades para xente nova e adultos), busca facer chegar ao alumnado a defensa do uso das “artes creativas” como metodoloxía para o estudo do patrimonio cultural e o progreso autónomo. Con este fin organizan diferentes actividades: saídas a eventos, visitas a centros educativos, guías no Stevenage Museum para o alumnado dos diferentes centros interesados, etc.
- *Bryndum Skole Aura* (Dinamarca). Por normativa o ratio do alumnado máximo en Dinamarca é de 28 alumnas e alumnos por clase, pero na súa área a media está entre 22 e 24. Centro no que se fai moito fincapé na formación en rede, para a cal utilizan a aplicación “meebook”. Co fin de que todo o alumnado teña acceso a este tipo de formación o centro facilita un ordenador para cada alumana e alumno. A súa filosofía educativa baséase no *Modelo CRAFT* (seguir o modelo de planificación e solución dun problema por parte dunha empresa): Problema do “mundo real” / Investigación / Innovación / Deseño / Prototipado / Presentación; todos eles baseados na reflexión que require cada unha das etapas. Un exemplo de problema do “mundo real” que traballan é o efecto que ten o aumento do nivel da auga en Dinamarca e as posibles solucións que podería ter. Dentro deste Modelo CRAFT o profesorado elixe cal é a metodoloxía máis adecuada na súa clase para acadar o propósito buscado. O centro conta cunha materia de *mindfulness* en todos os seus cursos que se imparte dúas veces por semana en sesións de 45 minutos.

Rematadas as presentacións comezamos cos contidos do curso. A primeira sesión consiste no repaso de documentos e repositorios de diferentes organismos oficiais europeos que se poden atopar en rede.

- Portal [KeyCoNet \(Key Competence Network on School Education\)](#). Nel recóllense as oito (8) competencias básicas a traballar:
  - Comunicación en lingua materna.
  - Comunicación en lingua estranxeira.
  - Aprender a aprender.
  - Competencias sociais e cívicas.
  - Competencia Matemática.



- Competencia básica en tecnoloxía
- Competencia dixital.
- Portal [ESCO](#) (marco das competencias europeas obxectivo).
- [New Skills Agenda for Europe](#).
- [Skills panorama](#).
- [EntreComp](#). (The Entrepreneurship Competence Framework).
- [EntreComp into Action](#).
- [The differences between formative and summative assessment](#), e este [outro](#).
- [Assessment in collaborative learning \(CCL\)](#). Como avaliamos as competencias.
- [Presentación de la European Future Classroom](#).
- [Student benefits of the cooperative learning](#).
- Video: [co-Designing Learning Environments](#). Espazos fóra da aula e fóra das bibliotecas para poder traballar e compartir.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación




## **Día 2. Martes 19 de novembro.**

### **1. ICT workshop.**


Ao longo desta sesión repasamos diferentes ferramentas educativas cas que se pode traballar na aula. A sesión foi moi problemática debido aos continuos problemas ca conexión a internet e a ausencia dunha explicación clara do fin e utilidades das diferentes ferramentas presentadas. Comezaron as primeiras protestas por parte dos participantes, tanto do profesorado implicado neste proxecto como por parte de profesorado doutros centros educativos, en relación aos contidos do curso e a súa calidade.

Algunhas das ferramentas que se presentaron foron:


- [edmodo](#): Aplicación estilo Moodle e Google Classroom.



- [blendspace](#). Ferramenta para crear un lección ou coller unha xa creada por outro usuario.




- [www.tes.com](http://www.tes.com)




- [edshelf](#)






- [story telling](#)
- [padlet.com](#)




- [bookcreator](#) (permite baixar os contidos en epub).




- [easelly](#). É unha aplicación destinada á creación de infografías similar ao [canva](#). Non ten moitos modelos gratuítos pero permite traballo colaborativo.





- [Pixabay](#)



**Día 3. Mércores 20 de novembro.**

Co cambio de última hora na programación do curso que se fixo dous días antes do seu comezo, a única actividade que estaba programada para este día foi a visita turística. A dita actividade, do grupo de docentes enviados polo CAFI, so acudín eu, Javier Seoane Bascoy. O resto do profesorado participante neste proxecto decidiu saltarse esta actividade do curso e non participou nela.

**Día 4. Xoves 21 de novembro.**

**1. Non-formal education outdoor/indoor workshop (briefing+outdoor activity+debriefing).**

Nesta sesión atopámonos os participantes dos oito cursos, cada un deles cunha temática diferente, que está a impartir a compañía Enjoy Italy durante esa semana:

- “Entrepreneurship education...”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

- “Non-formal education...”
- “Project and competence based learning”
- “Interactive ICT...”
- “School Leadership”
- “CLIL...”
- “Cultural heritage...”
- “EU project design...”

Todos estes cursos están impartidos no mesmo sitio e pola mesma persona, Alessandro.

A actividade que se nos propón facer durante a totalidade da sesión deste día é a seguinte tarefa:



**CITY BINGO**

(Time to complete it: 150-180 minutes)

INTRO

1. Go by one church and take a team picture!

STEAM

2. How many different plants can you find and name around you? Bring pictures...and names (in your languages, in English and...in Latin!). N.B.: 10 at least

3. Does any of these plants remind you of famous painting/piece of art? Which one(s)?

4. And how many different architectural styles? Pictures again. And names. N.B.: 4 at least

5. Use your math, physics and science knowledge to describe (at least) one of these buildings

6. What are the main economic features of this neighbourhood? "Draw" your "map"!

7. What are the main cultural features of this neighbourhood? "Draw" your "map"!

HISTORY & STORY-TELLING

8. Please use 10 words (no more) to explain at your best one of the statues/monuments/buildings/landscapes of this city. We want to hear you!

9. Imagine you lived in the past, here in this city/region. In which age and what would you have liked to be? And why? Be ready to share!

10. Make a short team performance/drama to represent one of the historical events/features that took place in/characterize this city/region. Or think about the script, at least!

11. Past and present are always connected, in many ways. Present two examples (at least) of these connections, in the form you prefer

PROBLEM SOLVING & CIVIC COMPETENCE

12. What is the thing you like the most in this area?

13. Make a picture of the thing(s) you dislike the most in this area. Which is/are it/them?

14. Ask at least one young and one adult citizen the same questions 12 and 13. What did they say?

15. How would you improve this (14), if you could? Please discuss this with your group and provide a feasible team plan/solution

PRESENT

16. (Homework?): edit and present the (whole) work of your team using the apps/ict tools you know.

N.B. Team-work, organisation, decision-making, creativity, problem solving, story-telling and some other important skills and competences are necessary ingredients to succeed. Enjoy!

Terminada a lectura da tarefa por parte dos participantes comezan as protestas, xeralizadas, cara o curso e os seus contidos. Estas protestas realízanse tanto por parte dos docentes participantes neste proxecto como de docentes doutros centros. Dentro deste conxunto de protestas recóllle as seguintes:

- Ante a pregunta de como é posible que se nos estea a dar os mesmo contidos a todos os participantes, independentemente do curso no que se atope inscrito, Alessandro



argumenta que é unha decisión da súa empresa pero que, non obstante, poderíamos estar todos xuntos sen problema porque a educación ten que ser integradora como, na súa opinión, quería poñer de manifesto a tarefa anteriormente proposta. Cabe destacar que, cando se lle preguntou cal era o alumnado destinatario da actividade, non soubo responder se a infantil, primaria ou secundaria.

- Ante a pregunta de se, en vista da baixa calidade da tarefa anterior podíamos pasar a facer outra cousa, a súa resposta foi que non tiña ningunha outra tarefa preparada para facer en detrimento da anterior.
- Ante a reclamación de que ata ese momento non se vira nada sobre o sistema educativo de Finlandia, a súa resposta é que en ningunha parte do programa hai algún apartado que leve a pensar que o curso ten que ver co sistema educativo finlandés, “só a *palabra Finlandia*” no título e a visita ao centro do último día, pero que con iso non se debe entender que o curso ten que ver co sistema educativo de Finlandia.
- Ante a queixa sobre a calidade/temática das actividades levadas a cabo no curso argumenta que as actividades propostas non se escapan das anunciadas no programa e as que se fan están recollidas no programa.
- Ante a solicitude por parte dalgún dos participantes de que quere que se lle devolvan os cartos comenta que para iso terá que acudir os tribunais.

Ante esta situación tensa, a sesión do curso deste día remata unha hora antes do programado.

Ao longo desa mesma mañá e ante a situación complicada (que xa comezara nos días anteriores) cos docentes participantes neste proxecto pónome en contacto por teléfono con Eva López, secretaria do CAFI, para transmitirle os problemas que están a xurdir nesta mobilidade. Eva transmíteme os seus ánimos e a disposición en axudar en todo aquilo que esté na súa man.




## Día 5. Venres 22 de novembro.

### 1. ICT workshop

Nesta sesión, aínda enrarecida polo acontecido a mañá anterior, faise un novo repaso de diferentes portais e materiais, como por exemplo:

- [PBLWorks](https://www.pblworks.org)



### 2. School visit

Realízase unha visita ao centro escolar **Drumsö Lagstadieskola** por parte de todo o profesorado participante nos cursos anteriormente citados. A visita realizouse unha vez remata a xornada escolar para o alumnado, polo que non foi posible observar o desenrolo de ningunha clase durante ela. A recepción faise no ximnasio da escola por parte da directora e doutras tres profesoras do centro.

A **Drumsö Lagstadieskola** é unha escola de Educación Primaria (o alumnado de maior idade é o de sexto grado, con 12-13 anos) que conta con, aproximadamente, 340 alumnas e alumnos. O ratio de alumnado por aula oscila entre os 20 e 22 (ao igual que no resto de centros de Educación Primaria de Helsinki, mentres que no resto de Finlandia este ratio pode ascender ata os 25). Trátase dun centro que ten como linguas oficiais o Finés e o Sueco, aínda que maioritariamente as clases están impartidas en Sueco.



Para o alumnado con necesidades especiais contan cun docente de educación especial. Este docente pode ou ben entrar na clase ou ben traballar actividades de reforzo fóra dela. Á súa vez, tamén se realizan clases “extra” por parte de profesorado do centro para aquel alumnado que as necesite. Finalmente, e como medida máis extrema, para o alumnado con grandes necesidades especiais cabe a posibilidade de incorporalo a grupos específicos organizados especialmente para eles noutra escola.

A metodoloxía básica de traballo é a aprendizaxe por proxectos mediante o traballo en grupos. Deste xeito, non se estudan as materias de xeito individual, senón que se tentan integrar de xeito interdisciplinar, facendo fincapé no “Competence-Based Learning”. Para iso, existen na escola aulas con mobiliario moi diferente, chegando a haber aulas sen mesas ou case sen elas co fin de que o alumnado poida moverse con liberdade. Como exemplo deste carácter interdisciplinar cabe sinalar, por exemplo, que un dos obxectivos perseguidos na materia de Matemáticas é a programación e a robótica.

Ao principio de cada curso o titor de cada un dos grupos convoca ás familias a unha reunión, feito que se repite unha ou dúas veces máis como mínimo ao longo do curso. Xunto a estas reunións o titor tamén mantén contacto ao longo de todo o ano académico coas familias mediante unha plataforma dixital, enviándolles unha notificación tódolos venres.

Finalmente, sinalar que o alumnado da escola visita tanto o psicólogo como a enfermería dúas veces por semana.

## **4. Situación conflitiva ao longo do curso**

Ao longo de toda esta mobilidade os docentes participantes neste proxecto manifestaron as súas protestas reiteradamente. Algunhas delas son as seguintes:

- Pouca transparencia na xestión do orzamento do proxecto. De xeito continuado manifestaron o seu descontento con este tema e cuestionaron as informacións relativas a eles que se lle aportaban, como por exemplo prezo das habitacións de hotel e do transporte. Neste sentido, chegouse a cuestionar incluso facendo preguntas, diante miña,



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico  
de formación e innovación

ao profesorado catalán participante.

- Existencia dun número “que non se presentou” e que non lles respondía no grupo de “Whatsapp” que se estaba a usar para facer máis dinámica a organización do curso.
- Inconformidade cas tarefas a facer pola súa parte ao final do proxecto, tanto polo tempo que tiñan coma pola cantidade delas.
- Incomodidade polas diferentes solicitudes de reunión que se fixeron a María José como coordinadora e ao CAFI e a ausencia de resposta a elas.
- Elección errónea do curso e falta, en xeral, de visitas a centros escolares e días de observación neles.